



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

**PLAN OPERATIVO
ANUAL
2019**



1. INTRODUCCIÓN

O Claustro da Universidade da Coruña aprobou as Liñas xerais da programación orzamentaria para o ano 2019 o 14 de decembro do 2018. O Plan operativo anual 2019, a partir dunha información máis concreta sobre o financiamento da Xunta de Galicia e a situación económica da UDC, desenvolve o anterior documento e acompaña o orzamento, fundamentando as actuacións nel programadas.

O documento consta de tres seccións. A primeira concreta as previsións orzamentarias contidas para o exercicio nas liñas xerais da programación orzamentaria para o ano 2019; a segunda, a dotación económica de actuacións relevantes para a consecución dos obxectivos estratéxicos establecidos no Plan; a terceira presenta accións que, co orzamento dispoñible, van ser acometidas no exercicio na procura de avanzar na consecución dos diferentes obxectivos estratéxicos definidos no Plan estratéxico UDC.

A UDC presenta para o ano 2019 un orzamento de 129.967.323,45 € o que supón un incremento nominal dun 5,41%. A continuación, amosamos unha síntese tanto dos obxectivos como das accións mais salientables que se van desenvolver para o ano 2019.



INGRESOS

INGRESOS	2018	%	2019	%	Variación 18/19
Capítulo III: Taxas, prezos públicos e outros ingresos	16.663.822,70	13,52%	16.949.527,40	13,04%	1,71%
Capítulo IV: Transferencias correntes	92.038.376,42	74,65%	95.274.299,93	73,31%	3,52%
Capítulo V: Ingresos patrimoniais	315.000,00	0,25%	340.000,00	0,26%	7,94%
Capítulo VII: Transferencias de capital	13.688.592,87	11,10%	16.713.781,10	12,75%	21,08%
Capítulo VIII: Activos financeiros	588.931,14,00	0,48%	689.715,02	0,53%	17,11%
TOTAL ORZAMENTO DE INGRESOS	123.294.723,03	100,00%	129.967.323,45	100,00%	5,41%

- Os ingresos por taxas, prezos públicos e outros ingresos incrementáanse un 1,51% até chegar aos 16,949 millóns de €. O lixeiro incremento vén derivado principalmente do incremento en ingresos diversos e doutros ingresos procedentes de prestación de servizos (custos indirectos, alugueres, e facturación por prestación de servizos de investigación).
- As transferencias correntes incrementáanse fundamentalmente pola mellora do financiamento estrutural, especialmente polo custo estándar, que pasa de 70,14M€ a 72,12M€ no ano 2019. En total, as transferencias correntes incrementáanse un 3,52%, até chegar aos 95,274 millóns de euros.
- Hai un incremento en investimentos por capital (22,10%), o que supón un montante de 16,714M€ o que representa un 12,75%.
- O remanente estivo a experimentar unha perda motivada polo contexto orzamentario de restrición financeira, o que derivou nunha redución moi importante do seu volume. A cantidade que corresponde é de 0,690M€, o que representa un 0,53% e supón un incremento dun 17,11%, se ben ese incremento non é significativo na cifra global do orzamento.



GASTOS

GASTOS	2018	%	2019	%	Variación 2018/19
Capítulo I: Gastos de persoal	92.200.902,31	74,78%	96.421.178,56	74,19%	4,58%
Capítulo II: Gastos correntes en bens e servizos	15.582.765,40	12,64%	16.552.713,28	12,74%	6,22%
Capítulo III: Gastos financeiros	33.000,00	0,03%	28.000,00	0,02%	-15,15%
Capítulo IV: Transferencias correntes	4.601.378,70	3,73%	4.747.076,46	3,65%	3,17%
Capítulo V: Fondo de continxencia	350.000,00	0,28%	350.000,00	0,27%	0,00%
Capítulo VI: Investimentos reais	9.976.676,62	8,09%	11.318.355,15	8,71%	13,45%
Capítulo VIII: Variación de activos financeiros	-		0,00	0,00%	0,00%
Capítulo IX: Variación de pasivos financeiros	550.000,00	0,45%	550.000,00	0,42%	0,00%
TOTAL ORZAMENTO DE GASTOS	123.294.723,03	100,00%	129.967.323,45	100,00%	5,41%

- O gasto corrente previsto de capítulo I aumenta un 4,58%. O total ascende a 96,421 millóns de €, o que supón case un 74,19% do gasto total.
- Existe un incremento dos gastos correntes (6,22%) motivado polo incremento en partidas como mantementos de equipos de investigación e informáticos, limpeza, actividades culturais e deportivas, seguridade etc. O total ascende a 16,553 millóns de €, o que supón un peso do 12,74%.
- No apartado de investimentos reais existe un incremento (13,45%) e representan un 8,71%.
- As transferencias correntes ascenden a 4,747 millóns de €, que representa un 3,65%; incrementase un 3,17%.
- O fondo de continxencia (0,35 millóns) mantense e os pasivos financeiros permanecen constantes (0,55 millóns de €).



2. DOTACIÓN ECONÓMICA DOS OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS

Deseguido, trátase a revisión da dotación económica dos proxectos recollidos no Plan estratéxico. Darase conta dalgunhas dotacións importantes para cada obxectivo. Por suposto, outros créditos contribúen de xeito indirecto ou transversal na consecución dos obxectivos.

2.1 DOCENCIA E APRENDIZAXE

Obxectivo estratéxico 1: unha aprendizaxe de calidade no ámbito do espazo europeo de educación superior

- A aposta pola formación inicial e pola actualización do persoal docente continúa a mostrarse no orzamento, cunha dotación para o CUFIE de 88.500 euros, o cal inclúe financiamento para as necesidades xurdidas dentro dos grupos de innovación educativa (GIE), a creación de MOOC (*Massive Open On-line Course*) e tres premios aos mellores proxectos de innovación docente.
- As accións de mellora e certificación e os investimentos da UTC supoñen un total de 60.000€. Tamén se inclúe neste programa o financiamento para a obtención dos selos de calidade nacionais ou internacionais, cuxa solicitude se verá incrementada este ano, ao seren tres as titulacións que se someterán á avaliación.
- As necesidades de xestión académica asociadas ás novas esixencias dos títulos fan necesario o mantemento na dotación para a elaboración destes, que alcanza os 193.442,46 €.
- As axudas a estudantes supoñen un total de 2,1 millóns de euros. Incorporáanse axudas a comedor, ao transporte urbano na cidade da Coruña e transporte metropolitano, ao transporte dende o concello de Narón aos centros universitarios no campus da Coruña, axudas a programas de actividades estudiantís, axudas para deportistas universitarios de alto nivel, axudas para o estudiantado en situación de dificultades económicas, bolsas de colaboración en departamentos e formación complementaria nos servizos da UDC, bolsas de prácticas Fundación ONCE-CRUE para estudantes con discapacidade, así como os recursos para a dotación do equipamento das instalacións da residencia universitaria da Coruña.



Obxectivo estratéxico 2: unha atención especial á empregabilidade e ao emprendemento do alumnado egresado

- Os 25.000 € cos que a UDC posibilita o funcionamento do Observatorio Ocupacional son complementados por importantes subvencións e contratacións por parte de diferentes entidades públicas e privadas.
- Coa partida de Cursos e conferencias da Vicerreitoría de Oferta Académica e Innovación Docente seguen a atenderse necesidades singulares de prácticas docentes externas (73.000 euros).
- A partida de investimentos para o apoio á xestión está dotada con 51.000 €.

Obxectivo estratéxico 3: unha oferta formativa consolidada e axustada ás necesidades do contorno

- Os 40.000 € de información e divulgación de que dispón a Vicerreitoría de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria (VEPEU) posibilitan políticas de captación de alumnado tanto para as titulacións de grao como de máster. A aposta pola captación de alumnado para másteres móstrase no orzamento, cunha dotación específica de 40.000€. Ademais, os 23.800€ do programa "O teu futuro en boas mans" están destinados á difusión e publicidade dos títulos (graos e másteres) da UDC adscritos ao seu centro de cara á captación de estudantes.
- Continúan as políticas de captación de alumnado de expedientes destacados en bacharelato, incrementouse a 30.000 € para os premios á excelencia e a 9.000 € para os estudantes gañadores de olimpíadas científicas.
- Os premios á excelencia no grao están dotados con 55.000 euros.
- A dotación sinalada anteriormente para a Unidade Técnica de Calidade contribúe tamén a este obxectivo.

2.2 INVESTIGACIÓN, INNOVACIÓN E TRANSFERENCIA

Obxectivo estratéxico 1: unha produción científica de calidade

- Establécese unha partida para a Escola Internacional de Doutoramento cunha dotación inicial de 25.000 €.
- O financiamento plurianual a grupos, unidades e investigadores individuais será por un total de 800.000 €.



- As subscricións a publicacións periódicas supoñen arredor de 1.300.000 €, dos cales 711.000€ é a achega que esta Universidade fai ao Consorcio Universitario de BUGALICIA. Ademais, as diferentes universidades contribúen cada unha con 122.000€ para o funcionamento do devandito consorcio.
- Un ano máis o programa INDITEX-UDC de estadias predoutorais no estranxeiro está orzado con 122.830,20€.

Obxectivo estratéxico 2: incrementar a colaboración coas empresas do contorno e fomentar a transferencia de coñecemento

- A Oficina de Trasnferencia de Resultados e Investigación (OTRI) continuará contando con asesoramento técnico para cuestións relacionadas con proxectos europeos, gasto a que fará fronte cos 84.500 € que ten orzados no capítulo II.
- Potenciarase a creación de novas cátedras con empresas da contorna. En especial, aquelas ligadas aos campus de especialización como o Innova e Sustentabilidade.
- A través da fundación do CITIC invitarase a participar a empresas do sector TIC galegas, así como ao propio Concello da Coruña como membros do seu padroado.
- Mediante a Unidade Mixta de Investigación con Navantia potenciaranse as actividades con esta empresa implicando aqueles grupos de investigación da UDC que poidan participar nas accións ligadas a esta UMI, en especial no contorno da Industria 4.0.
- Buscaranse alianzas a través do Clúster TIC para a participación nos *Dixital Hub* promovidos desde a Consellería de Industria.
- Promoverase a creación dos doutoramentos industrias con aquelas empresas da comarca que poidan propoñer temas de investigación susceptibles deste tipo de programa.

Obxectivo estratéxico 3: internacionalizar a investigación e a transferencia

- O programa INDITEX-UDC financia estadias predoutorais no estranxeiro.
- Os programas de investigación financian entre outros o fomento da cooperación científica con 127.000€.



- Buscaranse acordos estratéxicos, mediante convenios marcos, con centros de investigación doutras universidades que permitan a necesaria internacionalización dos investigadores.

2.3 RESPONSABILIDADE SOCIAL

Obxectivo estratéxico 1: unha universidade que impulsa o cambio social

- As accións de intervención cultural dispoñen de 45.000 €.
- As actividades deportivas da UDC consta de 315.000 €, autofinanciadas nun 70%.
- As actividades culturais promovidas pola VEPEU continúan contribuíndo a cubrir ocos importantes que outras institucións non cobren a través de exposición que consta de 30.000 €; ademais, de obradoiros e rutas que consta de 50.000 € e autofinanciadas, en boa parte.
- Esta ano a través do orzamento participativo de cultura propoñemos un proxecto que consta de 20.000 € para promocionar a participación dos membros da Universidade da Coruña na difusión da cultura xerada da UDC á sociedade.
- A Oficina de Medio Ambiente está a desenvolver actividades cun orzamento de 45.000 €.
- A UDC, a través da VEPEU, ten entre as súas funcións a promoción e a difusión das actividades culturais e da difusión da cultura científica e dos coñecementos entre a sociedade galega, e máis concretamente no contorno da provincia da Coruña, polo que vén traballando desde hai tempo no desenvolvemento de actividades de divulgación científica e cultural. Por este motivo, a Deputación da Coruña está a considerar a concesión dunha subvención nominativa, por importe de 103.000€ destinada ao financiamento da programación cultural e de divulgación do coñecemento científico do ano 2018.

Obxectivo estratéxico 2: igualdade de oportunidades e fomento dunha cultura de non discriminación

- Residencias públicas nos dous campus con prezos públicos módicos está a contribuír ao acceso á universidade en igualdade de oportunidades.



- A Oficina de Igualdade de Xénero conta cun espazo máis adaptado ás súas necesidades para continuar as políticas que promovan a igualdade. Mantense o financiamento de 16.000€.
- As acción de financiamento de escolas infantís para o persoal con cargo á acción social, e complementada cun apoio análogo para o estudiantado (5.000 €).
- A atención á diversidade continúa a ser unha prioridade importante para a UDC, polo que se manteñen as partidas de ADI: 70.000€ para accións ADI e adicionalmente 34.920€ para a convocatoria de bolsas do programa propio ADI.
- Igualmente, estase a desenvolver o programa de Espazo Compartido o cal pretende mellorar a inserción laboral de persoas inmersos en programas de diversidade funcional.

Obxectivo estratéxico 3: unha universidade responsable do seu impacto ambiental

- A Oficina de Medio Ambiente dispón dun orzamento de 45.000 € e está a impulsar numerosas actividades de educación ambiental, programas de sustentabilidade asociados a un maior aforro de auga, enerxía eléctrica, reciclaxe de residuos.
- Destacase o convenio asinado coa Fundación Alcoa por un valor de 35.000€ (43.000\$) para desenvolver durante o ano 2018 un programa de educación en valores para o coidado e mantemento do medio ambiente.
- A UDC continúa a ter un posto importante posto no *ranking GREENMETRICS* que analiza a sustentabilidade ambiental das universidades a nivel mundial e onde se destaca a posición no indicador dos programas de educación ambiental.

2.4 INTERNACIONALIZACIÓN

Obxectivo estratéxico 1: unhas titulacións e un ambiente universitario internacionais

- A Vicerreitoría de Internacionalización e Cooperación continúa a promover con fondos propios unha convocatoria de axudas á internacionalización con varias accións destinadas a fomentaren a mobilidade do profesorado para



establecer conexións que permitan deseñar titulacións duplas ou conxuntas, participar na solicitude de proxectos europeos, afianzar un intercambio estable de docencia en inglés e fomentar a visibilidade internacional da UDC a través da organización da ISS no exterior.

- As mobilidades bilaterais crecen até un orzamento de 75.000 €.
- Convocatoria de profesores visitantes de países de fala inglesa co triplo obxectivo de fornecer relacións con colegas doutros sistemas universitarios, favorecer a internacionalización na casa do estudiantado e mellorar a formación do profesorado con docencia en inglés: 20.000,00€.
- Promoción e apoio na solicitude de proxectos europeos das distintas accións do programa *Erasmus+*: 8.000,00€.
- Premio ao estudiantado: UDC *Erasmus Ambassador* 1.500 €
- Premio: *International Faculty award* (1000 €)

Obxectivo estratéxico 2: unha mobilidade internacional crecente por motivos de estudo e prácticas laborais

- Os fondos Erasmus para mobilidade experimentan un incremento notable ante as solicitudes de mobilidade con países do programa (Acción clave 103) e as crecentes e diversas solicitudes de mobilidade con países asociados (Acción clave 107)
- Fomento das colaboracións estratéxicas en materia de prácticas para impulsar a internacionalización e a empregabilidade do estudiantado.

Obxectivo estratéxico 3: mellorar as competencias lingüísticas en idiomas estranxeiros de toda a comunidade universitaria

- Convocarase bolsas para a mellora das competencias en idiomas tanto para o profesorado como para estudantes, cunha dotación de 50.000€
- Promoverase a internacionalización lingüística do PAS
- O Centro de Linguas cos ingresos que xestiona ten asegurado o seu funcionamento e a oferta actual.
- Oferta de cursos de inglés para a docencia e pronunciación en lingua inglesa dentro do Plan de apoio lingüístico á docencia en inglés (PALDI): 3.000,00€
- Incremento na oferta de apoio lingüístico a través do Centro de Linguas: 6.000,00€



- Fornecemento dun plan anual de desenvolvemento profesional para a docencia en inglés en tres niveis: básico, intermedio e avanzado con apoio dun MOOC e a plataforma Moodle.

2.5 FINANCIAMENTO E USO EFICIENTE DOS RECURSOS

Obxectivo estratéxico 1: unha captación de recursos proactiva e uns ingresos diversificados

- Continuación dos programas de captación de recursos vía patrocinio como Banco Santander, Fundación Alcoa e Inditex a través do programa InTalent
- Para permitir que o Consello Social poida afrontar os retos establecidos no plan estratéxico, a UDC facilítalle persoal do capítulo I.
- Incrementáanse a captación de recursos a través de novas cátedras como Estrella Galicia.

Obxectivo estratéxico 2: unha xestión eficiente, responsable e transparente dos recursos públicos

- Avánzase no Plan enerxético da UDC. Agora imos proceder á compra centralizada de gas e gasóleo.
- Adhesión á rede REDEXGA para lograr un maior aforro de enerxía eléctrica

Obxectivo estratéxico 3: unha comunidade identificada coa institución

- O orzamento total para seguridade e saúde ascende á 27.000€
- A dotación para a Secretaría Xeral en 40.000 € para información e divulgación cos que contribuirá á proxección de UDC cara á sociedade.

3. ACCIÓNS PARA O DESENVOLVEMENTO DOS OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS

Nesta sección dáse conta do compromiso do equipo de goberno de realizar diferentes actividades encamiñadas á consecución dos obxectivos. Son actividades que se financiarán coas dotacións anteriormente sinaladas.



Non se pretende facer unha relación exhaustiva de todas as actividades que se van realizar, senón sinalar algunhas pola súa relevancia ou por ser unha actividade nova deseñada para a consecución do obxectivo.

As actividades están clasificadas por obxectivos estratéxicos.

3.1 DOCENCIA E APRENDIZAXE

Obxectivo estratéxico 1: unha aprendizaxe de calidade no ámbito do espazo europeo de educación superior

1. *Profundar na integración das titulacións no EEES.*
 2. *Continuar a aposta por establecer contornos de aprendizaxe máis interactivos e estimulantes.*
 3. *Afondar no uso das novas ferramentas tecnolóxicas para a docencia non presencial e en liña.*
 4. *Facilitar a adecuación da organización académica ás novas metodoloxías e á innovación docente.*
 5. *Desenvolver e mellorar os mecanismos de coordinación internos en cada titulación.*
 6. *Mellorar a formación continua e a renovación e innovación docente do profesorado.*
- Seguimento anual do 100% dos títulos oficiais de grao e máster universitario da UDC, establecendo plans de mellora e realizando o seguimento dos propostos en cursos anteriores, con especial atención aos títulos de grao de baixa demanda.
 - Seguimento anual do 100% dos títulos de doutoramento da UDC e establecemento de plans de mellora.
 - Proceso de renovación da acreditación de 75 másters universitarios de 63 centros.
 - Implantación dunha nova revisión e simplificación do sistema de garantía de calidade (SGC) nos centros da UDC.
 - Elaboración e implantación do sistema de garantía de calidade (SGC) da Escola Internacional de Doutoramento.
 - Dotación das ferramentas virtuais destinadas a desenvolver unha rede de calidade docente.
 - Publicación da 32.^a Convocatoria dun programa de impulso e recoñecemento da innovación docente.



- Organización das IV Xornadas de Innovación Docente e publicación dos seus resultados.
- Mellora dos equipos que permitan a docencia a distancia: implantación de equipamento de videoconferencia que permitan a participación simultánea de tres ou máis puntos de conexión e instalación en todos os centros docentes da UDC de equipos que posibiliten o establecemento de docencia interuniversitaria e non presencial.
- Desenvolvemento e implantación de sistemas de gravación automática de docencia presencial e a súa incorporación ao repositorio audiovisual da UDC para a súa utilización en docencia semipresencial e en liña. Implantación de equipos automáticos de gravación de docencia presencial en catro centros da UDC.
- Elaboración de memorias para a harmonización dos criterios de desenvolvemento de estudos.
- Posta en marcha dun plan de formación das novas tecnoloxías aplicadas ás docencias e un plan de formación para a utilización de novas metodoloxías de avaliación dos resultados de aprendizaxe.
- Potenciar a participación do profesorado no programa DOCENTIA, favorecendo o seu desenvolvemento e recoñecemento, e mellorando e simplificado aqueles aspectos da convocatoria sinalados polos distintos axentes implicados no proceso.
- Potenciar a posta en marcha dun plan de formación para os grupos de innovación educativa (GIE).
- Potenciar a posta en marcha de proxectos de innovación docente.
- Solicitud dos selos internacionais de calidade Euro-Info e EUR-ACE para os títulos de grao en Enxeñaría de Obras Públicas e grao en Tecnoloxías da Enxeñaría Civil. O grao e o máster en Enxeñaría Informática, e o máster en Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos, respectivamente.

Obxectivo estratéxico 2: unha atención especial á empregabilidade e ao emprendemento dos egresados

- 1. Impulsar e facilitar a realización de prácticas de calidade en empresas e institucións.*
- 2. Impulsar o desenvolvemento de competencias que melloran a empregabilidade dos estudantes.*
- 3. Fomentar o emprendemento dos estudantes.*



- Actividades formativas con medios propios o en colaboración con outras entidades (cooperativismo, emprendemento, empregabilidade, internacionalización da empregabilidade).
- Difusión das oportunidades de prácticas e emprego desde as redes sociais e a páxina web.
- Xestión do programa de emprendemento EXPLORER (anteriormente YUZZ).
- Organización do Programa de mellora de empregabilidade (PMEC) co seminarios de mellora da empregabilidade e de orientación laboral: introdución aos procesos de selección das empresas en cada centro. O programa complétase con casos prácticos en que profesionais de departamento de RR.HH. de distintas empresas orientan sobre a busca de emprego o relatorio das experiencias de emprendedores. Este programa conta co 22.500 € de axuda do convenio de colaboración entre a UDC e on Consorcio para o Desenvolvemento de Aplicacións para a Xestión Universitaria (CIXUG) para a posta en marcha dun plan de fomento do emprendemento a través de iniciativas empresariais de base tecnolóxica no ámbito da UDC.
- Asesoramento para busca de emprego por conta allea, para estudantes e egresados.
- Asesoramento técnico ás persoas promotoras na realización do plan de empresa e no plan económico, para estudantes e egresados.
- Xestión das prácticas curriculares nas unidades e servizos da UDC.
- Xestión das prácticas asociadas aos convenios asinados con diversas entidades e empresas tales como o SERGAS, Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, Concello da Coruña ou a Consellería de Política Social.
- Organización do Foro Avanza, onde se desenvolven charlas informativas, obradoiros e encontros coas empresas que abordan temas tales como a cultura emprendedora, a metodoloxía de xeración de modelos de negocios, as competencias necesarias para enfrontar os procesos de selección ou experiencias de emprendedores.
- Xestión das bolsas da Fundación ONCE-CRUE.
- Participación na mesa de traballo da Mancomunidade de concellos da comarca de Ferrol.
- Participación nas Xornadas de Orientación Profesional da Facultade de Enfermaría e Podoloxía.



- Participación nas xornadas de Orientación Profesional da Facultade de CC. do Traballo.
- Participación na Xuntanza Tecnolóxica organizada na Escola Universitaria Politécnica.
- Participación na Rede Eusumo (Cooperativismo e Economía Social)

Obxectivo estratéxico 3: unha oferta formativa consolidada e axustada ás necesidades do contorno

- 1. Avanzar no axuste das titulacións de grao e posgrao ás necesidades sociais do noso contorno e ás demandas do estudantado.*
- 2. Definir políticas proactivas de captación de estudantes.*
- 3. Impulsar a formación ao longo de toda a vida e afondar na oferta de formación interdisciplinar.*
- 4. Mellorar a comunicación e a coordinación co ensino medio e o ensino superior non universitario.*

- Adaptar a oferta de titulacións ás necesidades da contorna. Ofertando novos títulos e modificando, transformando e actualizando outros.
- Desenvolver a política de difusión da información dos títulos mediante a consolidación das actividades existentes.
- Completar os materiais de información para a difusión con soportes actuais adaptados ao estudantado de ensino medio, facendo especial fincapé nos novos títulos de grao.
- Organización do II curso de verán docentes conectad@s, punto de encontro entre docentes do ámbito universitario e de ensino medio e superior non universitario. A súa finalidade é proporcionar aos profesionais destes ámbitos ocasións para o debate e o intercambio de ideas sobre a mellora da súa práctica docente, así como para a aplicación e experimentación práctica de técnicas, metodoloxías e recursos que deriven nun incremento da calidade dos procesos de ensino-aprendizaxe.
- Potenciar o proxecto de democratización do coñecemento “Compartir experiencias e coñecemento”, co propósito de achegar a Universidade Sénior a outras comarcas da contorna da Coruña e da súa zona de influencia. Trátase dun proxecto dirixido ás persoas maiores de 50 anos que non poden asistir nin ás aulas do campus da Coruña nin de Ferrol .



- Celebrar en colaboración con entidades públicas ou privadas actividades de divulgación científica e cultural relacionadas con todas as ramas de coñecemento destinadas ao público en idade escolar, desde a escola primaria até o ensino medio.
- Apoiar e potenciar as xornadas de portas abertas das facultades e escolas.
- Actividades divulgativas en lugares públicos destinadas ao público en xeral.
- Creación desde o SAPE das redes sociais correspondentes á atención ao público, con especial interese aos centros de ensino medio.

3.2 INVESTIGACIÓN, INNOVACIÓN E TRANSFERENCIA

Obxectivo estratéxico 1: unha produción científica de calidade

1. *Garantir a calidade dos estudos de doutoramento.*
 2. *Mellorar a captación de investigadores predoutorais e posdoutorais.*
 3. *Acentuar o recoñecemento da actividade investigadora dentro do conxunto de tarefas desenvolvidas polo PDI.*
 4. *Fomentar a cooperación interdisciplinar entre grupos.*
 5. *Mellorar a coordinación e a axilidade da xestión da investigación, en particular o apoio á xestión de proxectos europeos.*
 6. *Aumentar a visibilidade e mellorar os indicadores da actividade real de investigación e transferencia.*
 7. *Facilitar a avaliación I3 dos investigadores que estean a rematar os programas de ciencia excelente.*
- Consolidación do programa InTalent (INDITEX): incorporación dos investigadores da segunda convocatoria (2017) e publicación e selección de dous novos investigadores a través da terceira convocatoria.
 - Fortalecemento do programa berce de apoio a Ciencia Excelente, centrado fundamentalmente na preparación de propostas competitivas ás convocatorias do European Research Council (ERC).
 - Singularización e especialización dos centros de investigación da UDC na procura dunha investigación de excelencia.
 - Desenvolvemento de liñas de investigación específica excelente relacionada con novos campus de especialización na UDC: Industrial, Innova e Sustentabilidade.



- Programa de visitas e encontros de investigadores.
- Financiamento competitivo dos grupos, unidades e investigadores individuais do catálogo de investigación da UDC.
- Apoio as axudas Beatriz Galindo para que poidan desenvolver a súa actividade investigadora dentro da UDC.
- Equiparación dos salarios percibidos polos investigadores Ramón y Cajal os investigadores *InTalent*.

Obxectivo estratéxico 2: incrementar a colaboración coas empresas do contorno e fomentar a transferencia de coñecemento

1. *Implantar mecanismos estables de recepción e difusión das necesidades das empresas.*
 2. *Formar e informar a comunidade universitaria para mellorar a capacidade de transferir resultados de investigación.*
 3. *Reforzar e coordinar os servizos de xestión da transferencia.*
 4. *Definir axeitadamente e pór en marcha as estruturas xurídicas dos centros do parque tecnolóxico.*
 5. *Potenciar a acreditación de ensaios realizados polos Servizos de Apoio á Investigación e incrementar a súa colaboración co tecido produtivo.*
- Desenvolver un programa para a identificación e valorización de tecnoloxías desenvolvidas polos grupos de investigación da UDC, cara á súa posible comercialización e transferencia á sociedade.
 - Deseño dunha plataforma web para a visualización dun panel de tecnoloxías desenvolvidas na UDC.
 - Apoio na protección dos resultados de investigación mediante patentes ou rexistros da propiedade intelectual e desenvolvemento de medidas para a súa explotación.
 - Aumento da colaboración cos axentes galegos de innovación que permita fluidificar as relacións entre os nosos grupos de investigación e a empresa.
 - Coordinación e mellora na xestión de contratos con empresas realizados polos grupos de investigación da UDC.



- Apoio ás EBT nas que participa á UDC como medio para a transferencia a sociedade dos resultados de investigación xerados polos grupos da UDC.
- Estructurar adecuadamente as canles de transferencia de resultados na UDC mediante a creación dunha comisión de coordinación para a transferencia liderada pola VPCIT.

Obxectivo estratéxico 3: internacionalizar a investigación e a transferencia

1. *Fomentar e apoiar o acceso ao financiamento internacional para investigación.*
 2. *Aumentar a concorrencia dos grupos da UDC nas convocatorias competitivas internacionais en consorcios público-privados.*
 3. *Impulsar a internacionalización a través da formación de novos investigadores.*
- Programa de apoio á presentación de proxectos colaborativos por parte de grupos de investigación, aumentando tanto o número como a calidade das propostas e dos parceiros involucrados nelas.
 - Presentacións de proxectos institucionais a convocatorias internacionais, como líder ou como parceiro.
 - Fortalecemento do programa berce de apoio a Ciencia Excelente, centrado fundamentalmente na preparación de propostas competitivas ás convocatorias do European Research Council (ERC).
 - Programa de visitas e encontros de investigadores.
 - Programa de estadias posdoutorais de investigación.
 - Programa de participación no H2020 e noutras convocatorias internacionais.



3.3 RESPONSABILIDADE SOCIAL

Obxectivo estratéxico 1: unha universidade que impulsa o cambio social

- 1. Fortalecer a participación da comunidade universitaria na sociedade.*
- 2. Fomentar a participación de cidadáns e institucións na comunidade universitaria.*
- 3. Fomentar os hábitos para unha universidade saudable.*
- 4. Contribuír á normalización da lingua galega.*
- 5. Promover o desenvolvemento de competencias transversais en todas as titulacións.*
- 6. Fomentar as políticas de compra socialmente responsable.*

- Desenvolvemento, a través da UDC Saudable, de actividades dirixidas a promoveren a saúde na cultura universitaria, nas súas políticas institucionais, estrutura, procesos e plans de estudos, así como a identificación das necesidades da comunidade universitaria, áreas de traballo e estratexias de intervención.
- Programas PCC e PCR para dar a coñecer a realidade dos países do Sur global mediante proxectos de cooperación ao desenvolvemento.
- Programa de voluntariado de educación para o desenvolvemento e sensibilización para a comunidade universitaria, que trata unha temática relacionada cos DDHH e a xustiza social cada mes.
- Programas de colaboración con ONGD, asociacións e outras entidades en materia de cooperación ao desenvolvemento, voluntariado e acción social.
- Desenvolvemento das accións previstas no Convenio RGCUD asinado para o bienio 2018-2019
- Convocatoria de Educación ao Desenvolvemento, Sensibilización e Participación Social, para incentivar a participación da comunidade universitaria a través de propostas diversas.
- Promoción da metodoloxía de aprendizaxe-servizo para fomentar a participación do PDI.



- Realización do itinerario formativo, que inclúe os cursos básicos de formación en voluntariado e os cursos de formación específica.
- Apoiar a elaboración de manuais e materiais docentes en galego.
- Apoiar a capacitación do profesorado e do PAS para utilizar o galego, mediante cursos de formación que se realizarán en liña.
- Apoiar a preparación das guías docentes (tradución, corrección e asesoramento por parte do SNL) que se deberán redactar cando menos en galego e castelán e, opcionalmente, en inglés.
- Realización de actividades de sensibilización da comunidade universitaria en temas relacionados coa diversidade e de proxección do servizo de atención fóra dela.
- Programa de voluntariado de Educación para o Desenvolvemento e sensibilización para a comunidade universitaria, que trata unha temática relacionada cos DDHH e a xustiza social cada mes.
- Difusión dos obxectivos e traballo que desenvolvemos na UDC no ámbito da inclusión e especificamente na ADI en artigos en revistas científicas do ámbito estatal e internacional.

Obxectivo estratéxico 2: igualdade de oportunidades e fomento dunha cultura de non discriminación.

1. *Progresar cara á accesibilidade universal.*
 2. *Impulsar a igualdade entre homes e mulleres.*
 3. *Establecer políticas de apoio aos estudantes en situación de dificultades económicas.*
- Dentro do contexto da "Aula de Diversidade" ofrecer cursos de formación docente sobre accesibilidade universal e adaptacións de materias para todo o estudiantado con diversidade.
 - Dentro do contexto da "Aula de Diversidade" ofertar cursos de formación para alumnado con diversidade para favorecer o seu acceso ao mundo laboral unha vez que remate os seus estudos.
 - Manter para estudantes "Axudas para estudantes con necesidades educativas especiais".



- Asesorar no deseño e desenvolvemento do programa universitario da UDC de formación sociolaboral para persoas con discapacidade cognitiva "Espazo Compartido".
- Aumentar o banco de recursos para a atención á diversidade.
- Promover a realización de traballos de fin de grao e máster en temas relacionados coa diversidade dentro de todas as titulacións da UDC.
- Formación e adquisición de coñecementos sobre materia de xénero e feminismo a través da VII Edición do Curso de Historia da Teoría Feminista.
- Establecer un diálogo entre a investigación académica e as perspectivas que teñen os colectivos feministas na cidade a través da 5.^a edición do Seminario do Centro de Estudos de Xénero e Feministas.
- Aprobación e difusión entre a comunidade universitaria da UDC do II Plan de igualdade entre mulleres e homes.
- Organización da Xornada Universitaria Galega en Xénero, (VI XUGeX).
- Accións para a normalización da situación das persoas LGBT na Universidade da Coruña. Elaboración do Protocolo de actuación para o cambio de nome.
- Desenvolvemento de actividades na Aula de Formación para a Igualdade de Xénero, en colaboración co CUFIE e a Sección de Formación de PAS para a prevención da violencia de xénero, así como formación para integrar a perspectiva de xénero na docencia, na investigación e na xestión.
- Desenvolvemento das accións previstas no pacto de Estado contra a violencia de xénero , especificamente asignadas ás universidades.
- Desenvolvemento de accións de difusión para incrementar a presenza de máis mulleres nas carreiras máis masculinizadas
- Desenvolvemento da Rede Interuniversitaria para a Docencia e Investigación con Perspectiva de Xénero.
- Convocatoria do concurso de traballos académicos con perspectiva de xénero Ángeles Alvariño.
- Conmemoración do 8 de marzo, 25 de novembro e 11 de febreiro.



Obxectivo estratéxico 3: unha universidade responsable do seu impacto ambiental

1. Mellorar a xestión e coordinación dos procesos de sustentabilidade.

2. Implantar procesos de xestión sostible dos residuos.

3. Impulsar a mobilidade sostible.

4. Impulsar os programas de eficiencia enerxética, o uso de enerxías renovables e o aforro de auga.

- Acadar tres novas certificacións *Green Campus* (bandeira verde), no campus de Ferrol, e en dous centros novos do campus da Coruña.
- Posta en marcha do programa *Green Campus* en Socioloxía/CC. Da Comunicación e en Dereito, e consolidación en Economía e Empresa e en Náutica.
- Instalación e posta en marcha dunha nova área de compostaxe (Economía e Empresa). Mellora das diferentes áreas de compostaxe e aproveitamento destas áreas para actividades de formación e educación ambiental.
- Seguimento e mellora da separación de residuos nos centros.
- Introducción de melloras no uso eficiente da auga e auditorías nos centros.
- Divulgación do uso da bicicleta e mobilidade sustentable, e dos premios UDC Sustentabilidade.
- Programa de Custodia do monte da Fraga como espazo de biodiversidade, educación ambiental e lecer, en colaboración co Concello.
- Programa de educación para a sustentabilidade en colaboración coa Fundación Alcoa, incluíndo a Semana Ambiental (febreiro 2019), obradoiros e ferramentas para o cálculo da pegada ecolóxica.
- Co-organización da conferencia "Accelerating the Implementation of Sustainable Development in Campus Activities and Programmes"- 2nd-3rd December 2019.
- Organización dalgunha xornada/actividade sobre economía circular.



3.4 INTERNACIONALIZACIÓN

Obxectivo estratéxico 1: unhas titulacións e un ambiente universitario internacionais

1. *Internacionalizar as titulacións.*
 2. *Aumentar o número de títulos conxuntos e dobres titulacións internacionais.*
 3. *Impulsar as actividades de internationalization at home.*
 4. *Elaborar unha oferta de programas de study abroad.*
- Consolidación dos programas de docencia en inglés nos niveis de grao e máster (ADE, Economía, Bioloxía, Química, Arquitectura, Dereito, Informática) e implantación de materias en inglés en títulos da facultade de Ciencias da Educación, e nas escolas de enxeñaría, EPS e EUP, do campus de Ferrol.
 - Oferta de novas dobres titulacións internacionais: dous dobres másters novos e dous dobres graos. Áreas: Ciencias, Filoloxía, ADE, Dereito e Comunicación, Enxeñaría, Informática.
 - Celebración da VI *Staff Week* en maio 2019, na que se darán cita na UDC docentes e persoal das universidades socias.
 - Lanzamento da VI edición da *International Summer School*, con novas ofertas de cursos para estudantes estranxeiros e da UDC para o verán de 2019.
 - Incorporación de profesorado da UDC para ofertar cursos específicos en inglés
 - I edición da ISS en Porto/Groningen.
 - Novos programas de visitantes específicos con universidades americanas, chinesas, vietnamitas. Convenios con Colombia, Chile, Ecuador e renovación de acordos coa República Dominicana.
 - Mantemento dun boletín de internacionalización de publicación cuatrimestral en colaboración con axentes externos á UDC.
 - Comunicación a través das redes sociais (*Twitter* e *Facebook*) e actualización constante da páxina web.



- Facer máis accesibles os contidos ao estudiantado internacional poñendo completamente en inglés toda a páxina web da UDC en colaboración co resto das vicerreitorías.
- Creación de redes estratéxicas para a participación na convocatoria de universidades europeas do programa Erasmus + 2019.
- Creación dunha oferta conxunta coa Universidade das Palmas de Gran Canaria para entrar no mercado universitario ruso.
- Sinatura de titulacións duplas coas universidades chinesas de Beihua e Linyi para o Grao en Español: Estudos Lingüísticos e Literarios.
- Incentivar a participación no programa *Erasmus Mundus*.
- Oferta de formación en internacionalización na casa e internacionalización do curriculum para PAS e PDI respectivamente.

Obxectivo estratéxico 2: unha mobilidade internacional crecente por motivos de estudo e prácticas laborais

1. *Impulsar a mobilidade internacional de toda a comunidade universitaria.*
 2. *Fomentar a realización de prácticas laborais no estranxeiro polos alumnos e titulados da UDC.*
 3. *Aumentar o atractivo da UDC para os estudantes estranxeiros.*
 4. *Facer máis visibles as oportunidades de internacionalización da comunidade universitaria.*
 5. *Priorizar a sinatura de novos convenios de mobilidade de acordo con criterios estratéxicos e de calidade.*
- Impulsar as alianzas da eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, entre as universidades de Galicia e as do norte de Portugal para a incrementar e incentivar a mobilidade de estudantes e docentes na área estratéxica a través do CEER.
 - Consolidación do Programa de investigadores internacionais (pre- ou posdoutoral, así como investigadores sénior) da UDC, co gallo de rexistrar e contabilizar os investigadores que fagan estadias nos grupos de investigación da universidade, proporcionándolles apoio na súa estadia.



- Convocatoria de mobilidade *Erasmus+* con consolidación das prazas de mobilidade solicitadas respecto do ano 18/19.
- Participación en 2019 en proxectos especiais de mobilidade como os da acción KA107 cun maior número de países veciños (leste de Europa: Moldavia, Xeorxia, Ucraína, Armenia; de Asia Central: Uzbekistán, Kasaquistán; do norte de África: Tunisia, Alxeria, Marrocos; e tamén, Camboxa, Xordania)
- Impulso da mobilidade de prácticas mediante a difusión e a creación dun sitio web que aglutine as posibilidades de prácticas que ofertan as empresas/institucións a nivel europeo. Charlas específicas sobre esta convocatoria nos centros e paulatina implantación do *Europass*.
- Impulso da proxección exterior da UDC en América Latina. Trátase de programas propios especiais de captación de alumnos estranxeiros de máster e doutoramento con certas universidades e áreas xeográficas estratéxicas. Continúa a execución do programa coa Universidade de Machala (Ecuador) para a incorporación de estudantes de doutoramento á UDC, así como co Ministerio de Educación da República Dominicana (MESCYT).
- Participación en programas con institucións educativas estranxeiras ou fundacións que facilitan a entrada de estudantes estranxeiros na UDC (participación na oferta de bolsas da Fundación Carolina para estudantes iberoamericanos de máster e de doutoramento). Participación na Asociación Universitaria Iberoamericana de Posgrao (AUIP) para fomentar a visibilidade e o intercambio con Latinoamérica.
- Participación no programas de Becas.Ar (con Arxentina) e nos grupos de traballo promovidos pola sectorial de internacionalización da CRUE para potenciar o eixo académico hispano-arxentino.
- Xornadas de difusión das novas convocatorias de mobilidade de estudantes e profesores en novembro 2019 en colaboración coas asociacións de estudantes internacionais e os responsables de Relacións Internacionais dos centros.
- Consolidación e afondamento das relacións bilaterais xa existentes, e que se reforzan polos acordos de dobre titulación con certas universidades dalgúns países da zona EEES (Gales, Romanía, Polonia, Portugal, Alemaña, Francia e Italia).



- Incremento dos convenios bilaterais con Asia de cara ao próximo curso (especificamente, Corea, China, Vietnam e India) e maior número de convenios con USA e Australia para programa bilateral de estudantes.
- Maior internacionalización para a comunidade universitaria que apoiem e promovan a sinatura de certos convenios con universidades ou consorcios.
- Xornadas de difusión sobre accións do *Erasmus +*.
- Xornadas de difusión DAAD alemán.
- Concurso UDC *Student Ambassador* para potenciar a mobilidade do estudantado e favorecer a proxección exterior da UDC.
- Reserva dun maior número de prazas para o estudantado internacional nas residencias universitarias do campus de Ferrol e A Coruña.
- Apertura de canles conxuntas co LERD para facilitar a admisión de estudantado internacional regular.
- Creación do “International Faculty Award” para profesorado da UDC como recoñecemento ao labor de internacionalización.

Obxectivo estratéxico 3: mellorar as competencias lingüísticas en idiomas estranxeiros de toda a comunidade universitaria

1. *Facilitar e impulsar a formación en idiomas de toda a comunidade universitaria.*
 2. *Fomentar a acreditación lingüística de alumnado e profesorado.*
 3. *Apoiar e motivar o profesorado que imparte docencia en inglés.*
- Mantense a oferta de todos os cursos, tanto en niveis como idiomas, do Centro de Linguas. Cambian as características e a duración dos cursos para adaptarse ás novas demandas e necesidades da comunidade universitaria. Proporase a inclusión de novos servizos lingüísticos como o servizo de tradución.
 - O Centro de Linguas seguirá en 2019 coa implantación do exame *CertAcles* para o nivel B2 de inglés e a renovación da acreditación como centro examinador do nivel B1 de inglés.
 - Convocatoria de bolsas para mellora das competencias lingüísticas do profesorado e do estudantado.
 - En conxunción coa VIC, traballarase para potenciar a obtención da certificación *CertAcles* por parte dos estudantes da UDC, pois agora conta co



recoñecemento oficial de CERCLES, que lle dá validez en máis de 300 universidades europeas. Tamén se publicará un calendario que inclúe as datas doutras posibles certificacións oficiais como APTIS e IELTS.

- Na liña da progresiva esixencia de idiomas para os estudantes da UDC que participen en programas de mobilidade internacional, manteranse os requisitos lingüísticos para os programas que se desenvolvan en alemán, italiano e portugués.
- Modificación do Regulamento de mobilidade internacional para equiparar as esixencias lingüísticas dos programa de mobilidade internacional UDC coas do programa de libre mobilidade.
- Segue a aplicación do desconto docente de 25 horas por materia e da preferencia destes docentes nas convocatorias de mobilidade de profesorado, así como das diferentes accións nas axudas á internacionalización.
- Acción específica de axuda á mobilidade docente para os profesores incluídos dentro da convocatoria de axudas á internacionalización para 2019
- Programa de profesores visitantes procedentes de países de fala inglesa.
- Cursos de estratexia de docencia en inglés coa colaboración do CUFIE.
- Cursos EMI en colaboración co CUFIE para facilitar a acreditación do profesorado que imparte de docencia en inglés. Realización dun curso específico en Ferrol logo dunha enquisa aos interesados sobre as necesidades lingüísticas prácticas da súa docencia.
- Programa de apoio lingüístico (PALDI) reforzado e con máis accións para os profesores que imparten docencia en inglés, coa colaboración do Departamento de Inglés da UDC. Implantación paulatina de EMI *follow-up* series.
- Implantación de programas de seguimento para o profesorado acreditado.
- Avaliación dos programas de docencia en inglés que xa se teñen implantados, cara á consecución da máxima calidade docente.
- Implantación de oferta estable de materias nos graos bilingües que garanta esta característica co conseguinte desconto asignado á materia.



3.5 FINANCIAMENTO, USO EFICIENTE INFRAESTRUTURAS E DOS PROCESOS ADMINISTRATIVOS

Obxectivo estratéxico 1: unha captación de recursos pro activa e uns ingresos diversificados

1. *Impulsar o papel do Consello Social como enlace da universidade coa sociedade, as empresas e todas as institucións.*
2. *Potenciar e promover a imaxe da UDC.*

- Mellorar o valor da marca da UDC.
- Colaborar co Consello Social para promover máis a transferencia desta universidade. Estanse a celebrar os consellos sociais nos diferentes centros de investigación. Entre os últimos consellos destacan os da sede do CITIC e da sede do CITEEC
- Promoción dos centros de investigación como o CITEEC, CITIC, CIT e CICA e dar a coñecer a oferta tecnolóxica dos grupos de investigación e favorecer as sinerxías entre eles.
- Incrementar as campañas de mecenado ou de financiamento de accións específicas lideradas pola UDC.

Obxectivo estratéxico 2: mellora progresiva das instalacións de climatización e calefacción nos edificios e investimentos en infraestruturas

- Residencia universitaria: finalizar a dotación de equipamento para arquivo e a entrada, así como dotar dun mecanismo de acceso para o ascensor da entrada.
- Renovación progresiva das caldeiras e instalacións de climatización especialmente nos edificios cunha maior antigüidade ou que nestes momentos precisan dunha maior atención xa que as súas instalacións precisan unha renovación urxente (Reitoría, campus de Oza e INEF). Preténdese revisar progresivamente esta renovación nos resto de edificios da Universidade.
- Dotar de novos equipamentos os laboratorios dos diferentes centros ou institutos de investigación.
- Colaborar cos centros na adaptación das infraestruturas e espazos ás novas necesidades docentes ou de habitabilidade nos diferentes edificios.



- Buscar novos usos para as infraestruturas con baixo nivel de uso.
- Busca de financiamento para realizar investimentos en capital:
 - Reforma do LERD: finalizar o proxecto e avaliar a posibilidade de realizar a primeira fase.
 - Mellora das instalacións do pavillón de deportes.
 - Mellorar a accesibilidade e habitabilidade nos diferentes edificios.
 - Mellorar as cubertas e illamento nos edificios e actuacións de eficiencia enerxética.

Obxectivo estratéxico 3: unha xestión eficiente, responsable e transparente dos recursos públicos

1. *Afondar no uso das novas tecnoloxías para a xestión e a administración.*
 2. *Mellorar os procesos de contratación e compra de subministracións*
- Introducir a compra centralizada.
 - Incrementar progresivamente a implantación do portasinaturas electrónico, o cal vai permitir reducir enormemente o gasto de papel.
 - Implantar procedementos de xestión automatizados de solicitude de certificacións.
 - Mellora da eficiencia nos procesos de contratación.
 - Continuar co proceso de implantación da contabilidade analítica.